

**ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES SUBSTITUCIÓNS OU EXECUCIÓN DE PROGRAMAS TEMPORAIS NA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A (C1)**

**PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

En San Sadurniño, a vinte de xuño de dous mil dezanove, sendo as dez horas, reúnense na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia da Secretaria-interventora do Concello de Moeche, Consolación Couce Calvo, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles substitucións ou execución de programas temporais na praza de administrativo(a).

Presidenta: Consolación Couce Calvo.

Vogais: Arturo Blanco Veloso, Lourdes Pérez Garrote, José Antonio Meizoso Paz

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á supervisión e comprobación do exercicio proposto, confeccionado con preguntas redactadas polos membros do Tribunal. Respecto deste exercicio, as Bases da convocatoria indican o seguinte:

"Primeiro exercicio: Consistente na realización dun cuestionario tipo test con 40 preguntas (máis 5 de reserva) con 4 respostas alternativas das que soamente unha será válida, nun tempo máximo de 60 minutos sobre as materias comprendidas no temario establecido no Anexo I. As respostas erradas restarán a metade da puntuación correspondente a cada pregunta, neste caso 0,25 puntos/resposta errada.

Puntuación máxima: 20 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden 10 puntos "

Sendo as doce horas, comprobada a identidade das persoas presentadas para a realización do primeiro exercicio, iníciase a súa realización.

Durante a realización do exercicio, unha das persoas aspirantes indica ó Tribunal que a pregunta n.º 23

**(23.- Conforme ao art. 37 da Lei 30/92 os titulares do dereito de acceso a arquivos e rexistros son...**

- a) Os titulares dun dereito subxectivo
- b) Os titulares dun interés lexítimo
- c) As autoridades e os funcionarios
- d) Os cidadáns)

contén un erro na norma que menciona, polo que, presentes na sala tódalas persoas aspirantes, o Tribunal acorda e comunica que esta pregunta queda eliminada, e se substituirá pola primeira das preguntas de reserva. Ponse de manifesto tamén un erro de numeración das preguntas, do que resulta que hai preguntas de máis no exercicio, polo que se correxirán soamente as corenta preguntas comprendidas entre as numeradas como 1 e 37 no exercicio, agás a 23, ademais das





**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

cinco de reserva.

Ás trece horas, rematado o primeiro exercicio, realízase na Casa do Concello a valoración do mesmo polo Tribunal, resultando a puntuación para cada unha das persoas aspirantes que se indica na seguinte táboa:

<b>Apelidos e nome</b>	<b>Puntuación 1º exercicio</b>
Albes Testa Javier	12,25
Bacelo López Noelia M <sup>a</sup>	Non apta
Bouza Calvo Rubén	Non presentado
Calvo Basoa Francisco Javier	Non presentado
Coba Martínez Silvia	Non apta
Delgado González Marta	Non apta
Embade Santamariña Lidia Maria	Non apta
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	13,25
Franco Castro Noemí	Non apta
García Grandal Laura	Non presentada
García Ruíz Ángela	Non presentada
Gómez Martínez Martina	12,75
González Pazos Paula	Non apta
López Gómez Elena	Non apta
Martearena González Lía Arantza	Non presentada
Martínez Martínez Pilar	11,00
Miraz Loureiro Elisa	Non presentada
Pico Marín Sara Mercedes	Non apta
Pita Leonardo Iris	11,50
Pita Leonardo Jesús	12,50
Ponte Reiriz Iria	Non presentada
Prego Figueiras Margarita	Non apta
Prol Padreda M <sup>a</sup> Ángeles	Non presentada
Quintía Manteiga Sergio	15,50
Ramos Siaba María Magdalena	Non apta
Reguera Gasto Eliana	Non presentada
Reigosa Lombao Agostiño	Non apto
Riveira Picos Alba	Non apto
Rodríguez Cabañas Miguel	Non presentado
Salgado Vázquez Natalia	14,00
Salteiro Leis Inés	Non presentada





**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Rematada a asignación de puntuacións do primeiro exercicio, o Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe. O Tribunal, ante as solicitudes formuladas por varias persoas aspirantes, acorda que tamén se publicará o exercicio completo, con indicación das respostas correctas.

O prazo de alegacións contra as puntuacións asignadas ó primeiro exercicio, de tres días de duración, rematará o día vintecinco de xuño próximo. O Tribunal indica que das alegacións que se presenten en relación con esta proba deberá remitirse copia mediante correo electrónico antes da finalización do prazo de presentación ó enderezo do Secretario do Tribunal: [miguel.arroyo@sansadurnino.gal](mailto:miguel.arroyo@sansadurnino.gal).

O segundo exercicio da fase de oposición do presente proceso selectivo, para as persoas que superaron esta primeira proba, terá lugar o vindeiro día 3 de xullo, ás 11:30 horas, na Casa da Xuventude do Concello, sita en Av. Marqués de Figueroa, nº 5.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as trece horas e cincuenta minutos, dispoñendo a Presidenta do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTA,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,

